

**PROPOSTA DE ACORDO QUE PRESENTAN AS ORGANIZACIÓN S
SINDICAIS E PATRONAIS NA COMISIÓN TRIPARTITA DO ENSINO
PRIVADO CONCERTADO.**

Reunidos os representantes das organizacións patronais do ensino privado concertado EDUCACIÓN E XESTIÓN (ESCOLAS CATÓLICAS) CECE GALICIA e ACES GALICIA, e os representantes das organizacións sindicais FSIE, FETE-UGT, CCOO e USO, acordan facerlle chegar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte proposta de ACORDO sobre equipos docentes e diminución de carga lectiva do profesorado do ensino concertado:

1º.- As entidades patronais amosan a intención de reducir gradualmente a carga lectiva do profesorado a xornada completa dos centros concertados, na medida en que a organización pedagógica dos centros derivada das titulacións e os equipos docentes existentes o permita. Esta reducción non suporá en ningún caso a modificación do establecido no artigo 27 do V Convenio Colectivo de aplicación.

2º.- As organizacións patronais acordan fazer efectiva a reducción de carga lectiva a 24 horas lectivas semanais no curso 2007/2008, e a 23 horas lectivas semanais no curso 2008/2009, sempre que se dote aos centros concertados das seguintes ratios, que teñen carácter de **ratios mínimas imprescindibles** para iniciar o obxectivo da reducción de carga lectiva.

Nivel Educativo	Curso 2007/2008	Curso 2008/2009
EDUCACIÓN INFANTIL	1,08	1,16
EDUCACIÓN PRIMARIA		
Centros de liña 1	1,40	1,48
Centros de 2 ou máis liñas	1,36	1,44
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		
Centros liña 1	1,56	1,64
Centros de 2 ou máis liñas	1,52	1,60
EDUCACIÓN ESPECIAL	1,08	1,16

De non existir nos centros dotación para estas ratios mínimas, non se procederá á reducción da carga lectiva do profesorado, que estará condicionada á dotación necesaria por parte da administración educativa.

3º.- O presente acordo terá unha duración de dous anos académicos, desde o 1 de setembro de 2007 ata o 31 de agosto de 2009.

Santiago, 18 de xullo de 2007.


EDUCACIÓN E XESTIÓN (EC)


 FSIE

 UGT


CECE GALICIA

 CCOO


ACES GALICIA


USO